



# A CLASE OBREIRA, CON PALESTINA **BASTA XA DE XENOCIDIO!**

**Hoxe, a clase traballadora galega leva ás rúas e aos centros de traballo a máis enérxica repulsa contra o crime que Israel está perpetrando contra o pobo palestino, especialmente en Gaza. Non é só “un masacre”, “unha salvaxada” ou “unha barbarie”. É un xenocidio! En tempos onde parece que case nada importa, as palabras importan e non son inocentes. Por iso, é unha obriga moral para nós berrar alto e claro: **BASTA XA DE XENOCIDIO CONTRA O POBO PALESTINO!****

Os dous anos de bombardeos inmisericordes de Israel sobre Gaza deixaron **polo menos 70.000 mortos e case 200.000 feridos, boa parte nenas e nenos que deberían ser obxecto de especial protección**, incluso nun contexto armado.

Malia o horror que causan as cifras, temos que dicir que houbo máis vítimas que as humanas. **A manipulación, a censura e a mentira camparon ás súas anchas.** Israel tivo entre os seus obxectivos militares a verdade: impediu o acceso de prensa libre, incluso mediante a violencia. Reporteiros Sen Fronteiras denuncia máis de douscentos informadores asasinados en Gaza nestes dous anos.

E esta é a que chaman “única democracia na rexión”? Que significado ten a democracia cando as persoas non poden informar, denunciar ou verificar o que acontece?

**O sindicalismo de clase galego e mundial non pode ollar cara a outro lado** ante o drama que padece Palestina, porque incluso se están pondo en risco os nosos propios dereitos. Abonda con que vexamos a represión, incluso violenta, con que foron reprimidas algunhas expresións de protesta ao paso da Vuelta Ciclista a España. **En moitos países europeos, directamente prohibiron as manifestacións públicas de apoio a Palestina**, co caso máis extremo do Reino Unido, onde xa van máis de 500 persoas detidas tras a manifestación do pasado sábado en Londres.

Unha vez máis é a clase traballadora a que se sitúa na vangarda dos seus gobernos. Mentres a xente estamos na rúa, onde están os dirixentes europeos? Onde está Europa mentres se perpetra un xenocidio a escasos 400 quilómetros da fronteira meridional da Unión?

Mentres os bombardeos silencian un pobo indefenso e a fame mata a nenos e nenas, os corredores diplomáticos europeos permanecen paralizados.

Compañeiras e compañeiros, hoxe non estamos aquí por liturxia, por un acto simbólico. **Estamos aquí por un deber moral**, porque o internacionalismo é parte do sindicalismo de clase, e por pura humanidade.

**Mentres os Gobernos de boa parte do mundo calan, nós erguemos hoxe a nosa voz** contra a destrución de hospitais, escolas e fogares. Denunciamos o asasinato sistemático e planificado de mulleres, nenas e nenos, anciáns, profesionais sanitarios, docentes, cooperantes internacionais, xornalistas... Vítimas todas elas de crimes contra a humanidade que, máis cedo que tarde, deberán ser xulgados.

**Non podemos permanecer impasibles mentres se expulsa un pobo da súa terra.** Non podemos ser indiferentes mentres se emprega a fame como arma de guerra para aniquilar este pobo, especialmente a súa infancia, arrebatándolle completamente unha xeración e, con ela, o dereito ao seu futuro.

**Ante un xenocidio non se pode responder con evasivas, nin con eufemismos.** As institucións internacionais, incluída a Corte Penal Internacional e comisións independentes da ONU, apuntan en igual dirección.

**Por todo isto, pedimos:**

- Suspensión inmediata do Acordo de Asociación UE-Israel.
- Prohibición de importacións provenientes dos asentamentos ilegais.
- Canles seguras de axuda humanitaria para Gaza, fóra dos límites impostos por Israel.
- Reforzamento substancial dos fondos para a Axencia das Nacións Unidas para as Persoas Refuxiadas.
- Embargo efectivo das armas e suspensión de todos os acordos comerciais con Israel.
- Non criminalizar as traballadoras e traballadores que se negan a colaborar no envío de armas.
- Sancións efectivas aos responsables políticos e militares de Israel.
- Suspensión de todos os acordos económicos, institucionais, científicos, culturais, deportivos ou doutra índole entre entidades galegas e israelís.

Rematamos lembrando que a única vía posible e sostible para conseguir unha paz é que esta sexa xusta. Non hai paz sen xustiza. E non haberá xustiza mentres o pobo palestino non poida decidir sobre o seu propio futuro.

**BASTA XA DE XENOCIDIO!**  
**FIN Á OCUPACIÓN DE PALESTINA!**  
**VIVA PALESTINA LIBRE!**

